

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE VISITA ESTA SEMANA AS INSTALACIÓNS DE CONSELLERÍA DE SANIDADE EN SAN LÁZARO

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) desenvolverá ao longo das xornadas do luns 14 e o martes 15 de outubro, unha nova visita ata as instalacións da Consellería de Sanidade en San Lázaro (Santiago de Compostela).

Ao longo destas dúas xornadas, unha unidade móbil da Axencia estará estacionada no aparcadoiro da Consellería de Sanidade para acadar a participación de todos os traballadores e traballadoras deste departamento, así de como de todos os profesionais das institucións anexas aos edificios do departamento de Sanidade do executivo galego. Esta nova visita enmarcase dentro das campañas de doazón de sangue que ADOS desenvolve en organismos públicos e empresas co obxectivo de facilitar o acceso ao solidario xesto da doazón de sangue de todos os traballadores e traballadoras.